

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 22 de outubro de 2015

ASISTENTES:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.

Invitados

D. Javier Pardo Espiñeira
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e vinte e cinco minutos do día vinte e dous de outubro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1209).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1210).- REAXUSTE DE PARTIDAS DE FINANCIAMENTO DO CONTRATO DE SERVIZOS DO “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR”- PAGO FACTURACIÓN MES DE SETEMBRO. EXPTE. 115206/301.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de actividades económicas, do 22.10.15, conformado polo xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto a dita Xefatura, a concelleira delegada da Área de Política Social e o interventor xeral, que di o seguinte:

1.-A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 30 de setembro de 2015 aprobou a modificación e prórroga do contrato de servizos do "Servizo de Axuda no Fogar" (SAF). No informe xustificativo que consta no expediente, entre outros extremos, especifícase o motivo fundamental para a modificación do contrato que, en resumo e o seguinte: " A prestación do SAF derívase da aplicación da Lei de dependencia, que implica na súa execución ás distintas Admóns. Públicas (estatal, autonómica e local) e atribúe as resolucións sobre o grao e nivel dos usuarios á Xunta de Galicia. Tamén é a Xunta de Galicia a que vai remitindo as Resolucións ó Concello para que este inicie a prestación do servizo, incluíndo nas mesmas o número de horas a prestar ós usuarios. Este procedemento provoca situacións imprevistas sobrevidas e de evidente interese público por tratarse de servizos de atención no ámbito dos servizos asistenciais básicos que determinaron, xa co anterior contrato de 2009, o incremento sucesivo do número de horas de prestación do servizo e, polo tanto, tamén do gasto previsto.

Neste sentido, a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia incrementou en abril e maio de 2015 o número de horas do SAF-dependencia que debe prestar este Concello en 2.411, certificando a Secretaria xeral de Política social en setembro de 2015 que o Concello de Vigo dispón de 14.692 horas/mes, polas que a Xunta liquidará e transferirá trimestralmente 9,7€/hora de servizo executada. Así as cousas, resulta necesario para o Concello de Vigo, antes de prorrogar este contrato, modificalo para asumir o maior gasto representado polo aumento de horas/usuarios de SAF-dependencia concedidas, tendo en conta que do prezo/hora do servizo, a Admón. autonómica paga 9,7€ e o Concello 3,45 €."

2.-A Xunta de Goberno local do 30 de setembro de 2015 aproba a modificación do contrato de servizos do "Servizo de Axuda no Fogar", motivado polo aumento do número de horas de prestación do SAF dependencia, por importe de 500.000,00 € e que se financiará do seguinte xeito:

- Ano 2015: 280.000 € con cargo á aplicación nº 2310.227.99.01 e a bolsa de vinculación afectándose os seguintes créditos: 130.000 € da aplicación nº 2310.226.09.04, 23.232 € da 2310.227.99.01 e 1.768 € da aplicación nº 2310.480.00.01.
- Ano 2016: 220.000 € con cargo á aplicación nº 2310.227.99.01 e á súa bolsa de vinculación.

3.-O número de horas prestadas aos usuarios viu sufrindo un incremento dende o mes de abril deste ano, ata o mes de agosto, no que se iniciou a diminución. Estas diminucións non foron suficientes para compensar os incrementos ata o mes de setembro, o que motivou que o crédito existente para facer fronte ao gasto, ata a aprobación pola Xunta de Goberno Local de 30 de setembro de 2015, da prórroga do contrato, esté practicamente esgotado. Por este motivo é necesario que parte da facturación do mes de setembro de 2015 se pague con cargo ao documento contable ADRC 201500061299 da partida 2279901 -Prestación do servizo de axuda no fogar-reservado para outubro, novembro e decembro. A redución de horas prevista para estes meses permitirá que a final de ano non se superen as contías previstas a 30 de decembro de 2015.

PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede propónse á XGL, a adopción do seguinte,

ACORDO

1.- Se contabilice con cargo ao ADRC 201500061299 da partida 2279901 -Prestación do servizo de axuda no fogar-o importe de 173.365,31 €, cantidade necesaria para completalo pago da facturación do mes de setembro.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1211).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO SANITARIO ASISTENCIAL A PERSOAS CON PROBLEMAS DERIVADOS DO CONSUMO DE DROGAS. EXPTE. 114403/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21.10.15, dáse conta do informe-proposta, do 21.10.15, asinado polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de Contratación celebrada o 21 de outubro de 2015, acordou:

1.- Proposta de Adxudicación.

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo sanitario asistencial a persoas con problemas derivados do consumo de drogas. (expediente 114403-301)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.*
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo sanitario asistencial a persoas con problemas derivados do consumo de drogas. (expediente 114403-301).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 14 de outubro de 2015, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación do servizo sanitario asistencial a persoas con problemas derivados do consumo de drogas (expediente 114403-301)” no seguinte orde decrecente:

1.- CLECE, S.A.: 75,5 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CLECE, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*

- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 1.000.000 euros.*
- *Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.7 do prego.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 630,96 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar, CLECE, S.A., o día 14 de outubro de 2015, que presenta a documentación requirida en data 20 de outubro, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 21 de outubro de 2015 se acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primer lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CLECE, S.A. , tal e como se pode apreciar nos informes do xefe de de servizo de Cedro e área de Políticas de Benestar de datas 05 e 09 de outubro de 2015, que pode consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CLECE, S.A., o procedemento aberto para a contratación do servizo sanitario asistencial a persoas con problemas derivados do consumo de drogas. (expediente 114403-301), por un prezo de 1.390.638,19 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 126.421,65 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1212).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA “IV-CARRERA POPULAR Y CANICROSS ALEJANDRO GÓMEZ”, O VINDEIRO 25 DE OUTUBRO DE 2015. EXPTE. 14401/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 21.10.15, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A entidade CLUB ALEJANDRO GÓMEZ CIF (G27733799) solicitou o día 22-09-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150120341) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: IV-CARRERA POPULAR Y CANICROSS ALEJANDRO GÓMEZ*
- Data: 25 DE OUTUBRO DE 2015*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que comenará o domingo 25 de outubro de 2015 ás 10.00h, con dende o campo de fútbol de San Cosme, aos 100m entrase no monte comunal de Zamáns, se cruza ao cño.Cidáns e a 500m entramos nos terrenos da Universidade, logo pasase por Bouzachan, se cruza polo cinturón da Universidade e se entra de novo por terreos da universidade, logo subida a zona de Vilariño en dirección a meta que estará situada no campo de fútbol do cño de San Cosme.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.*
- Seguridade.*
- Protección civil*
- Comunidad de montes de Zamáns*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á entidade Club Alejandro Gómez con CIF (G27733799), a organizar o vindeiro domingo 25 de outubro de 2015 a IV-CARRERA POPULAR Y CANICROSS ALEJANDRO GÓMEZ, a proba comenará ás 10.00h, tendo a súa saída dende o campo de fútbol de San Cosme; aos 100m entrase no monte comunal de Zamáns, se cruza ao cño.Cidáns e a 500m entramos nos terrenos da Universidade, logo pasase por Bouzachan, se cruza polo cinturón da Universidade e se entra de novo por terreos da Universidade, logo subida a zona de Vilariño en dirección a meta que estará situada no campo de fútbol do cño de San Cosme.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1213).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “HOLI RUN VIGO 2015” O VINDEIRO 25 DE OUTUBRO DE 2015. EXPTE. 14333/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 21.10.15, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A empresa A 38 SERVICIOS PLENOS S.L. con CIF (B86625464), solicitou o día 03-09-2015, a través do Rexistro (Doc.150112149) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: HOLI RUN 2015*
- *Data: 11 de outubro de 2015*

A entidade organizadora remitiu a suspensión da proba, xa que motivos metereolóxicos, non se pode realizar e solicitan o seu aplazamento para o vindeiro 25 de outubro de 2015, con mesmo percorrido e a mesma hora.

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que comenará o domingo 25 de outubro de 2015 ás 11.00h e rematará ás 14.00h, a carreira se levará a cabo na praia de Samil, cun percorrido de 5Km. Este

evento consistirá en ir correndo o a pé pola praia de Samil e en cada punto kilométrico os participantes serán rociados por ráfagas de almidón de cores.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Protección civil*
- *Medio Ambiente*
- *Montes, Parques e Xardíns*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á empresa A 38 SERVICIOS PLENOS S.L. con CIF (B86625464), a organizar o vindeiro domingo 25 de outubro de 2015 o HOLI RUN VIGO 2015, a proba terá lugar na praia de Samil, e terá un percorrido de 5 km, comenzando ás 11.00h e rematando ás 14.00h

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1214).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, DAS OBRAS DO PROXECTO “HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUÉS DE VALTERRA”. EXPTE. 3468/440.

Visto o informe xurídico de data 2.10.15, e o informe de fiscalización do 21.10.15, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 19.10.15, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro de dita Área, e o concelleiro delegado de Facenda, que di o seguinte:

I.- Antecedentes.

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 6 de marzo de 2015, entre outros asuntos acordou a resolución do contrato de obras da Humanización da Rúa Marqués de Valterra, adxudicado pola Xunta de Goberno en data 27 de decembro de 2013, á mercantil ALDASA,

S.L.U. Por un prezo total de 176.712,50 Euros (IVE incluído), por incumprimento do prazo de dous meses fixado para a execución do contrato, así como incoar expediente para a contratación polo trámite de urxencia das obras de Humanización da Rúa Marqués de Valterra conforme o proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 8 de agosto de 2013.

2.- O expediente conta coa Resolución da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, na que "Autoriza á realización do control arqueolóxico de obras de humanización", de data 16 de outubro de 2013.

3.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 10 de xullo de 2015, entre outros asuntos acordou:

1º Deixar sen efecto o acordo da XGL data 8 de agosto de 2013 sobre a aprobación do proxecto redactado pola enxeñería GALAICONTRON, para a "HUMANIZACIÓN RÚA MARQUÉS DE VALTERRA", redactado polo ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ, cun orzamento base de licitación IVE engadido de DOUSCENTOS ONCE MIL EUROS (211.000,00 EUROS).

2.- Aprobar o novo proxecto redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, D^a Trinidad López Rodríguez da empresa GALAINCONTROL, con data maio de 2015 para a Humanización da Rúa Marqués de Valterra, dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO ÁLVARO CRESPO CASAL, cun orzamento base de licitación IVE engadido de DOUSCENTOS ONCE MIL (211.000 €) e un prazo de execución de CINCO meses. "

O novo proxecto para a "HUMANIZACIÓN RÚA MARQUÉS DE VALTERRA", aprobado pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 10 de xullo de 2015, foi redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, D^a Trinidad López Rodríguez da empresa GALAINCONTROL, con data maio de 2015 e atópase anexado ao expediente 2390/443 e así mesmo os arquivos se atopan asinados dixitalmente polo Xefe da Area de Fomento con data 29 de xuño de 2015.

Para a execución destas obras, procede de acordo coa orden de inicio do Concelleiro delegado da Area de Fomento de data 10 de setembro de 2015 dar inicio do correspondente expediente de contratación.

No expediente inclúese a seguinte documentación:

- a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL, correspondese co expediente administrativo 2.390/443
- b) Acta de replanteo, asinada polo Xefe da Area de Fomento D. Alvaro Crespo Casal con data 10/09/2015 .
- c) Prego de prescricións técnicas particulares, atópase no proxecto redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, D^a Trinidad López Rodríguez da empresa GALAICONTRON.
- d) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola xefa do servizo de contratación, de data 19 de outubro de 2015.
- e) Informe favorable da Asesoría Xurídica, de data 2 de outubro de 2015.

f) Documento contable, referido a existencia de crédito para financiación das obras.

2.- Condicións definitorias do contrato.

Destacan as seguintes:

a- Obxecto do Proxecto.

O obxecto do presente expediente contempla a contratación das obras que se encadra no ámbito de actuación dentro da rúa Marqués de Valterra, dende Gaiteiro R. Portela ata o nº 31, cunha unha lonxitude de 370m, e uns 16m de distancia entre fachadas.

As accións que se levarán a cabo son basicamente as seguintes:

- Renovación dos pavimentos na marxe impar e parte da marxen par.
- Redistribución do espazo. Manterase a distribución existente: calzada con dobre sentido de circulación e aparcamentos en liña en ambas marxes. Darase maior protección no acceso ao colexio, mediante recrecido de paso peonil, e a creación dunha barreira vexetal que separe o espazo do peón e o espazo dos vehículos. Asemade, dotarásese a esta zona dunha mellora urbanística e paisaxística.
- Renovación das instalacións de iluminación e rego. Proponse a renovación completa da instalación de iluminación. Instalando novas columnas con luminarias de baixo consumo. Modelo columna Galicia I de 9m + lámpada Denver pole (VSAP) ou similar.
- Executarase unha nova rede de rego, para árbores e xardineiras.
- Mellora do mobiliario existente.

Estas obras supoñen sen ningunha dubida un incremento da capacidade, rendemento, eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas dos servizos públicos que prestan ditas infraestruturas, ao tempo que se conseguirá unha ampliación da súa vida útil, polo cal teñen unha clara identificación con actuación de "investimentos reais".

O contrato, polo seu obxecto, é de obra, previsto no artigo 6 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, T.R.L.C.S.P.).

En cumprimento do art. 22 do RDL 3/2011 polo que se aproba o TRLCSP, os aspectos relacionados coa "natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do obxecto e contido", son os definidos na memoria descritiva que contén o proxecto anexado ao expediente 2.390-443.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 d) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d) "infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade".

b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación.

Tendo en conta o obxecto do contrato, proponse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto, e por tramitación urgente.

A xustificación da tramitación de urgencia fundamentase no acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 6 de marzo de 2015, que entre outros asuntos acordou incoar expediente

para a contratación polo trámite de urxencia das obras de Humanización da Rúa Marqués de Valterra, de acordo a proposta de resolución do contrato de obras da Humanización da Rúa Marqués de Valterra, adxudicado pola Xunta de Goberno en data 27 de decembro de 2013.

c.- Orzamento base de licitación.

En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, está determinado en base ao proxecto de acordo cos seguintes datos:

O orzamento base de licitación establecece nun importe de DOUSCENTOS ONCE MIL (211.000 €) (ive incluído), correspondendo ao IVE o importe de TRINTA E SEIS MIL SEISCENTOS DAZANOVE EUROS CON OITENTA E CATRO CENTIMOS. – 36.619,84 €, de acordo co proxecto redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, D^a Trinidad López Rodríguez da empresa GALAINCONTROL, con data maio de 2015.

O valor estimado do contrato estipulouse en DOUSCENTOS NOVE MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON DAZANOVE CENTIMOS (209.256,19 €).

Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.

Tratase dunha obra de carácter plurianual, e tendo en conta que o importe do contrato establecece nun importe de DOUSCENTOS ONCE MIL (211.000 €) (ive incluído), correspondendo ao IVE o importe de TRINTA E SEIS MIL SEISCENTOS DAZANOVE EUROS CON OITENTA E CATRO CENTIMOS. – 36.619,84 €, a distribución das anualidades corresponderase coa seguinte proposta:

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 1532.619.00.02 "Fase I Marques de Valterra", a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

A distribución das anualidades será a seguinte:

2015: 176.712,50 €.

2016: 34.287,50 €.

En relación ao proceso de adxudicación debe indicarse que de producirse baixa no prezo de adxudicación, a contía da baixa será de aplicación no importe que corresponda en primeiro lugar a anualidade do ano 2016.

O gasto proposto, establecece tamén de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo o cumprimento da exixencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atópase dentro dos créditos vixentes no actual orzamento. Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución dunha obra de carácter finalista para o Concello.

d.- Prazo de execución e prórroga.

De acordo co proxecto de execución das obras, o prazos máximos de execución establécense en 5 (CINCO) meses.

O prazo de execución das obras poderá ser prorrogado polo órgano de contratación en resolución motivada cando concorra algunha das seguintes causas:

- A modificación do contrato. Neste caso o prazo da prórroga será o que resulte do proxecto modificado non podendo exceder da metade do prazo inicial.
- Incumprimento parcial do prazo de execución por causas non imputables ao contratista, debidas a acontecementos alleos a súa vontade e imprevisibles, sempre e cando se comprometa a executar as obras nun prazo igual ao perdido e solicite a prórroga conforme ó disposto no artigo 100 RXLCAP.
- Cando o órgano de contratación e o contratista acorden de mútuo acordo suspensións temporais da execución do contrato por circunstancias sobrevidas que o aconsellen. Neste caso o contrato se prorrogará por un prazo igual ao que tiña permanecido suspendido.

e.- Revisión de prezos.

Tendo en conta que as obras a executar teñen unha duración inferior a unha anualidade, non procede a revisión de prezos, dado que os mesmos permanecerán estables dentro do tempo de execución previsto e dentro da mesma anualidade.

f.- Prazo de garantía.

Establecese como prazo de garantía mínimo o de 12 meses dende a acta de recepción das obras.

g.- Esixencia de Clasificación.

De acordo co artigo 65.1 do TRLCSP, non se esixe clasificación para este contrato, pero pode acreditar a solvencia económica e financeira e técnica acreditando as clasificacións no Grupo "G", Subgrupo: "6", Categoría "B" e Grupo "I", Subgrupo: "1", Categoría "A".

h.- Subcontratación.

Considerase oportuno a autorización da subcontratación co límite máximo do 50 %.

i.- Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato.

Serán como mínimo os indicados a continuación:

| <i>Persoal</i> | <i>Horas</i> |
|--------------------------|--------------|
| <i>Xefe de Obra</i> | <i>88</i> |
| <i>Xefe de produción</i> | <i>176</i> |
| <i>Topógrafo</i> | <i>44</i> |
| <i>Capataz</i> | <i>35,2</i> |
| <i>Oficial 1ª</i> | <i>264</i> |
| <i>Oficial 2ª</i> | <i>264</i> |
| <i>Peón</i> | <i>869,4</i> |

k.- Modificación do contrato.

Tendo en conta as peculiaridades do proxecto de obra, debe considerarse a opción de modificación do contrato en relación aos seguintes criterios:

Aspectos a modificar: As unidades de obra de pavimentación, saneamento e drenaxe, abastecemento, rego, sinalización, alumeade público e mobiliario urbano.

Circunstancias que determinan a modificación: Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica ou condicións xeo técnicas distintas das recollidas no proxecto.

Limites da modificación: A contía máxima da modificación non poderá superar o 20% sobre o prezo do contrato.

Especialidades, no seu caso, do procedemento de contratación: Non se contemplan.

l.- Responsable do Contrato.

O responsable do Contrato será o Xefe da Área de Fomento. Así mesmo o órgano de contratación nomeará unha dirección facultativa municipal para o seguimento da obra.

m.- Criterios de valoración e xustificación.

De acordo coas peculiaridades específicas do obxecto do contrato se dará máis preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa co obxecto do contrato, se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas concretas. Polo cal establececese a seguinte proposta de criterios, os cales terán a seguinte aplicación:

a.- En relación aos criterios avaliábeis por xuízo de valor, se propón unha aplicación dun 20 %. da puntuación total.

b.- En relación aos criterios avaliábeis a través de fórmula, se propón unha aplicación dun 80 %. da puntuación total.

Para a determinación dos procesos de valoración das ofertas a través dos criterios por xuízo de valor, e de acordo co punto 4. do artigo 150 do TRLCSP, se determinará a ponderación relativa a aplicar en cada un dos criterios seguintes:

A.1.- MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA: se valorará con 15 puntos.

A puntuación distribuirase do seguinte xeito:

–O análise da actuación a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto a executar: se valorará con ata 5 puntos.

–O análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra para o correcto desenvolvemento do proxecto a criterio do licitador. se valorará con ata 5 puntos.

-A proposta de planificación da obra en relación aos períodos de execución e aos equipos materiais e humanos que se propoñen para a execución da obra. se valorará con ata 5 puntos

A.2.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE.: se valorará con ata 3 puntos.

A puntuación distribuirase do seguinte xeito:

- Plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto. Se valorará con ata 2 puntos.
- Plan de auto control interno da empresa. Se valorará con ata 1 punto.

A.3.- Plan de aforro enerxético e programa de actuacións medioambientais. Se valorará con ata 2 puntos.

- Memoria descritiva das boas prácticas na execución da obra que permita reducir o consumo enerxético ou materias primas: Se valorara con ata 1 punto.
- Memoria descritiva das actuacións para a redución das emisións contaminantes á atmosfera, recollida selectiva de residuos, procesos de reciclado: Se valorará con ata 1 punto.

A puntuación dos criterios avaliados mediante xuízo de valor será outorgada atendendo os seguintes criterios:

1.- Outorgarase a máxima puntuación fixada en cada apartado ás memorias que o desenvolvan cun alto grado de detalle e análise e coa representación gráfica adecuada, todos os requisitos requiridos.

2.- Descontarase un 30 % da puntuación máxima prevista en cada criterios a avaliar, ás memorias que non teñan un desenvolvemento detallado dos requisitos esixidos, así mesmo, esta valoración poderá ser minorada cun 15 % da puntuación máxima a maiores, por cada un dos requisitos esixidos en cada apartado e non desenvolvidos, ou tamén no caso de que a súa xustificación non teña unha adecuación ao obxecto do apartado a avaliar. Os descontos previstos neste apartado serán acumulativos, tendo como resultado máximo o desconto equivalente a máxima puntuación do criterio a avaliar.

3.- A puntuación será de 0 (cero) puntos, cando a memoria do apartado a avaliar conteña aspectos contraditorios internos ou en relación co proxecto, ou non recollan ningunha aportación a maiores das establecidas no propio proxecto de obra que define o presente expediente.

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FORMULA.

Os criterios avaliados mediante fórmula terán unha puntuación máxima de 80 puntos que serán distribuídos nos seguintes apartados:

B.1.- Prezo ofertado. O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de SETENTA (70) puntos aplicándose esta puntuación en relación coa baixa realizada. O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo de licitación o prezo ofertado polo licitador (en euros).

B.2.-Prazo de garantía. Valorarase ata un máximo de DEZ (10) puntos a ampliación do prazo de garantía da obra e dos elementos que a conforman, respecto do mínimo esixido no proxecto que establecese en 12 meses.

n.- Criterios para a determinación de ofertas anormais ou desproporcionadas.

En relación a determinación do criterio aplicable para a valoración da existencia de ofertas o proposición con valores anormais ou desproporcionados para as ofertas referentes as obras obxecto deste expediente, débense ter en conta os aspectos expostos na memoria de xustificación dos criterios de avaliación deste expediente no cal se determina e xustifica os seguintes aspectos:

Para os efectos da consideración de presunción de ofertas con valores anormais ou desproporcionados se considerará que están incursas nesa situación (baixa temeraria) as proposicións en relación a oferta económica cunha baixa ofertada (B_i), que cumpra as seguintes condicións:

1. Exceda en ($K \cdot \delta'$) ó valor da "baixa de referencia" (B_r), no caso de que o número de empresas licitadoras admitidas (tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados) sexa igual ou superior a cinco.

Presunción de temeridade: $B_i > B_r + (K \cdot \delta')$ si $n \geq 5$

Sendo:

B_i = Baixa da oferta realizada sobre o prezo de licitación a que se sumará o importe total das melloras ofertadas, para a que se quere valorar, a cal será calculada coma a porcentaxe que represente (o importe da suma da baixa ofertada -IVE excluído- mais o importe total das melloras ofertadas -IVE excluído-) co orzamento base de licitación (IVE excluído). O valor desta suma, será expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído) de todas as proposicións admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados.

B_r = valor mínimo entre (B_m ou $B'm$)

B_m = Baixa media calculada

$$B_m = \frac{\sum_{i=1}^n B_i}{n}$$

$B'm$ = media aritmética das (B_i) ofertadas que cumpran a condición seguinte:

$$(B_m - \delta) \leq B_i \leq (B_m + \delta)$$

δ = desviación típica calculada

$$\delta = \sqrt{\frac{\sum_{i=1}^n (B_i - B_m)^2}{n}}$$

n

K = factor de temeridade, $K= 0,5$

δ' = desviación típica das (Bi) ofertadas que cumpran a anterior condición sinalada para o cálculo de $B'm$

n = Número de ofertas admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados

2. Exceda en 2.5 ou máis unidades porcentuais ó valor da "baixa de referencia" (Br), no caso de que o número de empresas licitadoras admitidas (tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados) sexa inferior a cinco.

Para este suposto de menos de 5 empresas licitadoras admitidas; Br = media aritmética das (Bi) ofertadas.

Presunción de temeridade: $B_i > B_r + 2.5$ si $n < 5$

Para calcular a baixa de referencia seguiranse as instrucións especificadas no punto anterior. Para os efectos de establecer este promedio terase en conta que cando as empresas que formen parte dun mesmo grupo, segundo os supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio, presenten distintas proposicións, tomarase unicamente a oferta máis baixa de todas as do grupo.

3.- PROPOSTA:

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente dacordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación urxente das obras do proxecto "HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUÉS DE VALTERRA".

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do servizo de contratación, de data 19 de outubro de 2015.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe máximo de DOUSCENTOS ONCE MIL (211.000 €) (ive incluído), correspondendo ao IVE o importe de TRINTA E SEIS MIL SEISCENTOS DAZANOVE EUROS CON OITENTA E CATRO CENTIMOS. (36.619,84 €), de acordo co proxecto redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dª Trinidad López Rodríguez da empresa GALAINCONTROL, con data maio de 2015.

O valor estimado do contrato estipulase en DOUSCENTOS NOVE MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON DAZANOVE CENTIMOS (209.256,19 €).

Tratase dunha obra de carácter plurianual, e tendo en conta que o importe do contrato establecece en DOUSCENTOS ONCE MIL (211.000 €) (ive incluído), correspondendo ao IVE o importe de TRINTA E SEIS MIL SEISCENTOS DAZANOVE EUROS CON OITENTA E CATRO CENTIMOS. – 36.619,84 €, a distribución das anualidades corresponderase coa seguinte proposta:

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 1532.619.00.02 "Fase I

Marqués de Valterra", de incorporación de remanentes, a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

A distribución das anualidades será a seguinte:

2015: 176.712,50 €.

2016: 34.287,50 €.

En relación ao proceso de adxudicación debe indicarse que de producirse baixa no prezo de adxudicación, a contía da baixa será de aplicación no importe que corresponda en primeiro lugar a anualidade do ano 2016.

Cuarto: Para posibilitar a execución do proxecto conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, o porcentaxe de gastos establecido para os plurianuais no artigo 174 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais modifícase quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade (2016) nun 19,40%.

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Isaura Abelairas Rodríguez